



CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Ext. 24 - Fax. 982 46 21 02 - urbanismo@concellodechantada.org
[Urbanismo e Medio Ambiente](#)

NOTA INFORMATIVA

Condicións para a reapertura de terrazas dos establecementos de hostalería y restauración

Dando cumprimento á Orde SND/386/2020 do 3 de maio do Ministerio de Sanidade, publicada no BOP 123 do 03/05/2020, infórmaselles a tódolos interesados en relación coa reapertura de terrazas dos establecementos de hostalería e restauración que o artigo 12 da citada orde establece as seguintes condicións para poder efectuar esta reapertura:

“Artículo 12. Reapertura de las terrazas de los establecimientos de hostelería y restauración.

1. Se autoriza la reapertura al público de las terrazas de los establecimientos de hostelería y restauración limitándose al cincuenta por ciento de las mesas permitidas en el año inmediatamente anterior en base a la correspondiente licencia municipal. En todo caso, deberá asegurarse que se mantiene la debida distancia física de al menos dos metros entre las mesas o, en su caso, agrupaciones de mesas.

2. En el caso de que el establecimiento de hostelería y restauración obtuviera el permiso del Ayuntamiento para incrementar la superficie destinada a la terraza, se podrán incrementar el número de mesas previsto en el apartado anterior, respetando, en todo caso, la proporción del cincuenta por ciento entre mesas y superficie disponible y llevando a cabo un incremento proporcional del espacio peatonal en el mismo tramo de la vía pública en el que se ubique la terraza.

3. Se autorizan las reuniones en las terrazas de los establecimientos de hostelería y restauración de hasta un máximo de diez personas por mesa o agrupación de mesas. La mesa o agrupación de mesas que se utilicen para este fin, deberán ser acordes al número de personas, permitiendo que se respeten la distancia mínima de seguridad interpersonal”

De acordo co establecido en dito artigo e de cumprirse coas condicións esixidas, deberá de solicitarse do Concello a ampliación a que se refire o apartado 2 citado, mediante escrito acompañado de plano descriptivo acotado da ampliación que se pretende, en relación coa xa autorizada, solicitude que será analizada e informada polos axentes da autoridade, resolvéndose a autorización ou denegación polo órgano de goberno competente.



As ampliacións analizaranse tendo en conta prexuízos a terceiros e mellor dereito, priorizando en todo caso as medidas sanitarias impostas os servizos públicos e o interés xeral.

As autorizacións en canto á ampliación manteranse en tanto continúe o estado de alarma ou outras medidas sanitarias que se implanten e o autoricen. Rematadas estas medidas, revertirá á autorización precedente en canto ao espazo a ocupar.

Para o caso de coincidencia en espazos próximos de terrazas de un ou mais establecementos, estes espazos disporanse de xeito que se garden as medidas de seguridade sanitaria, con separación axeitada entre eles, utilizando medios técnicos que delimiten cada espazo, mediante mamparas ou outros dispositivos illantes autorizados, que serán móbiles.

Indepedentemente das medidas de hixiene citadas na citada Orde, relacionadas nos artigos 13, *para a prestación do servizo en terrazas* e 14 de *hixiene e/ou prevención para o personal traballador*, de obrigado cumprimento, deberanse de retirar tódolos días da vía pública ou terraza as mesas, sillas, material de separación e outros elementos móbiles, para facilitar e non interromper as tarefas de limpeza e desinfección que atinxan ao propio concello e non sexan responsabilidade do establecemento.

Ambito de aplicación: Estas condicións atinxen a tódolos establecementos que cumpran cos requisitos para a reapertura de terrazas de hostalería e restauración en todo o termo municipal de Chantada, casco urbano e medio rural.

O ALCALDE,

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

